



PARA PAIS



Cómo superar las dificultades escolares. Un libro para evitar o fracaso escolar e recoñecer aqueles aspectos dos estudos que necesitan maior reforzo.

Adolescentes, malos rollos, complejos y comeduras de coco. Os adolescentes preguntan sobre o seu corpo, as súas inquiredanzas, os amores, a familia, os estudos. Neste libro se lles dan algunhas claves para comprender mellor os problemas e superalos.



Adicción a las nuevas tecnologías en adolescentes y jóvenes. O abuso das TIC nos xoves é algo cada vez máis frecuente. Este manual analiza os riscos deste abuso.

Todo é silencio. A última novela de Manuel Rivas relata o paso do comercio ilegal de tabaco ao narcotráfico que se viviu en Galicia.



LECTURAS PARA O NADAL

IES AS BARXAS



www.lecturaasbarxas.blogspot.com

O tempo para ler, igual que o tempo para amar, dilata o tempo de vivir.

D. Pennac


1º e 2º de ESO



Corazón de Chocolate.


Tintiman e os seus amigos investigan se a Irmandade Xelmírez existe realmente ou é só unha lenda.

La brújula dorada. Triloxía formada por *Luces del norte*, *La daga* e *El catalejo lacado*. No primeiro dos libros, Lyra, co seu aletiómetro, que lle permite adivinar o que ninguén sabe, intentará descubrir o misterio dos nenos desaparecidos de Oxford.



Mafalda é unha nena, espello da clase media latinoamericana, que se preocupa pola humanidade e a paz mundial, e se rebela contra o mundo que lle deixaron os maiores.

Los amores lunáticos. O protagonista narra en primeira persoa a súa época de estudante de 2º de ESO, cando pasou de ser un adolescente ao que non lle interesaban as rapazas, a ter un amor platónico cunha rapaza e cunha profesora.




3º e 4º de ESO



O pintor do sombreiro de malvas. No verán de 1890, en Auvers, un adolescente coñecerá a Vicent, un pintor ao que acompañará nos seus paseos, e coñecerá o amor e a morte.

A expedición dos libros.


Uns ladróns levaron da biblioteca familiar o primeiro tomo das obras completas de Jules Verne. Aproveitando que os donos da casa non están, o resto dos libros organiza unha expedición para rescatalo.



El curioso incidente del perro a medianoche. O protagonista é un rapaz que con quince anos coñece todas as capitais do mundo e é un fenómeno cos números, pero sofre autismo, o cal incapacítalo para interactuar con outras persoas.

Ás de bolboreta.


Gañadora do *Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2009*, conta a historia de varios personaxes con orixes diferentes que conflúen cada mañá nunha cafetaría.



BACHARELATO

A praia dos afogados.

O inspector Leo Caldas investiga a morte dun mariñeiro na praia de Panxón. O que parecía inicialmente un suicidio resultará unha realidade ben diferente.



El sueño del celta.

Nesta novela do recién nomeado Premio Nobel de Literatura relátase a historia de Roger Casement, quen denuncia os horrores do colonialismo. Os informes das súas viaxes ao Congo Belga e a Amazonía peruana conmocionaron á sociedade do seu tempo.

Reckess.

Jacob Reckless descubre no despacho do seu pai un espello que o leva a un mundo máxico e perigoso. Un día o seu irmán seguírao a ese mundo e caerá preso dun encantamento que converte a carne humana en pedra.

